



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

**SERVIZO CULTURA, IGUALDADE E DEREITOS CIVÍS
SECCION DE CULTURA**

Expediente: 2025000034704

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACEPTA A RENUNCIA DE IRENE ROUCO TÁBOAS E SE
TEN POR DESISTIDO A MIGUEL BARBAZÁN LESTA DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS
MARIÑÁN 2026**

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o informe do servizo de igualdade, cultura e dereitos civís.

ANTECEDENTES

Por resolución número 11657, de 23 de marzo de 2026, aprobouse a concesión das Residencias artísticas Mariñán do ano 2026, que foi publicada no BOP número 57 de 26 de marzo de 2026.

As Bases das Residencias artísticas Mariñán do ano 2026 que foron publicadas no BOP número 243, do 19 de decembro de 2025, dispoñen na base 6.2:

As persoas que resulten seleccionadas deberán confirmar a súa participación (a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da resolución de concesión. En caso contrario, informárase ás persoas suplentes seguindo a orde de prelación considerado no proceso de valoración, que terán un prazo de 5 días para confirmar a súa participación.

O prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da resolución de concesión rematou o día 6 de abril de 2026.

No dito prazo todas as persoas seleccionadas aceptaron as residencias, excepto:

- Irene Rouco Táboas, expediente 2026000011047, da área de creación de contidos socioculturais en redes sociais, presentou a renuncia á residencia o día 31 de marzo de 2026.
- Miguel Barbazán Lesta, expediente 2026000011010, da área de creación de contidos socioculturais en redes sociais, non aceptou a residencia no prazo de 5 días establecido nas bases.

Na resolución número 11657, de 23 de marzo de 2026 pola que se aproba a concesión das Residencias artísticas Mariñán do ano 2026 non se nomean suplentes na área de creación de contidos socioculturais en redes sociais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por Irene Rouco Táboas, expediente 2026000011047, da residencia Mariñán 2026 na área de creación de contidos socioculturais en redes sociais.

Segundo.- Ter por desistido a Miguel Barbazán Lesta, expediente 2026000011010, da residencia Mariñán 2026 na área de creación de contidos socioculturais en redes sociais, por non aceptar a residencia no prazo establecido nas bases.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.